

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OLEIROS
Edificio	Igrexa Antiga de Santa María
Dirección	
	43.337553 -8.319817
Protección	
Descrición	Igrexa parroquial de orixe románica do século XIII, de planta rectangular dunha soa nave, capela maior e sancristía acaroada ó muro sur. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada agás esquinais, vans e espadana. Teito artesoado de madeira e cuberta a dúas augas con tella curva do país. Un arco triunfal de medio punto divide o acceso da nave ó presbiterio. No muro norte hai unha porta cegada e unha troneira abucinada de feitura medieval. A fachada de traza moi sinxela, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta de acceso rectangular alintelada. Sobre o ingreso vai un óculo e rompendo o vértice da fachada, unha base para unha espadana de dous corpos sobre a cornixa franqueado por dous pináculos piramidais. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e serven pra aloxa-las dúas campás. O segundo corpo, un frontón curvilíneo moldurado e cun oco en arco de medio punto sobre cornixa, franqueado por dous pináculos piramidais, e rematado por outro pináculo moldurado cunha cruz de forxa.
Campás	Con respecto as campás ten dúas, unha en cada oco, teñen xugos de madeira en moi bo estado de conservación e tócanse a man mediante unha cadea.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	01-03-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá pequena	AZA Y BLANCO, JOSÉ ANTONIO DE	1848	56	102
Espadana	Campá grande	PALACIO, DÁMASO	1852	58	113

Información completa: [Igrexa Antiga de Santa María - OLEIROS \(GALICIA\)](#)

PDF (24-06-2026)